

**ACORDO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, AS ORGANIZACIÓNS PATRONAIS E SINDICAIS DA ENSINANZA PRIVADA CONCERTADA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SOBRE O MANTEMENTO DO EMPREGO NO SECTOR.**

Dende o ano 1992 ata o 31 de decembro de 2004, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, as Organizacións Patronais máis representativas do sector do ensino privado concertado e as Organizacións Sindicais da ensinanza privada viñeron adoptando unha serie de medidas a prol do mantemento do emprego no sector do ensino privado concertado da nosa Comunidade.

Como consecuencia da orde do 6 de xullo de 2005 (DOG do 18 de xullo de 2005), pola que se aproban os concertos educativos cos centros docentes privados, preténdese adoptar unha serie de medidas para o mantemento do emprego no sector.

Por todo iso as partes mencionadas deciden subscribi-lo presente Acordo, coas seguintes

**CLÁUSULAS:**

**Primeira**

O presente Acordo será de aplicación ós profesores de educación primaria e ós profesores do 1º ciclo da ESO, que contén coa correspondente habilitación para impartir educación primaria, dos centros docentes privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia que estean incluídos no sistema de pago delegado e que perdesen o seu posto de traballo como consecuencia da redución do número de unidades ou da extinción do concerto educativo do seu centro, sempre e cando dita extinción ou redución de concerto non sexa imputable ó centro.

**Segunda**

1. Os profesores ós que se fai referencia no punto anterior, afectados pola aplicación da citada orde do 6 de xullo de 2005 (DOG do 18), poderán solicitar a súa

inclusión no Censo de Profesores Afectados sempre que reúnan as seguintes condicións:

a) Solicita-la inclusión no Censo, no prazo e forma que se determine pola Comisión de Seguimento, aceptando de forma expresa a publicidade dos seus datos persoais, laborais e académicos a efectos de recolocación.

b) Estar incluído na nómina de pago delegado e continuar nela en virtude de contrato laboral fixo, indefinido ou temporal, cun horario non inferior a doce horas lectivas da xornada laboral semanal vixente (ou en excedencia forzosa segundo os supostos previstos no convenio colectivo vixente), dende setembro de 2002, como mínimo.

2. Tamén serán admitidos no Censo os substitutos de mestres en situación de excedencia forzosa que proveñan de Lista de profesores afectados creada por anteriores Acordos.

### **Terceira**

A vixencia do presente Acordo rematará o 31 de decembro de 2005.

### **Cuarta**

Poderán acollerse ó presente Acordo de recolocación os centros privados concertados que, para o curso académico 2005-2006, contén con doce (12) ou máis unidades concertadas de educación primaria e a súa ratio profesor/unidade, no curso 2004-2005, non fora superior a 1'32 e que non superen a ratio de 1'40 para o presente curso 2005-2006.

Os centros que reúnan estes requisitos poderán contratar a profesores incluídos no censo de profesores afectados cando se produza a xubilación parcial dun docente, asumindo a Administración educativa o custo ata contemplar a xornada laboral de 25 horas do relevista mentres non se produza a xubilación total do relevado.

Así mesmo, naqueles centros ós que se lle reducisen unidades de primaria e/ou primeiro ciclo da ESO como consecuencia da mencionada orde do 6 de xullo de 2005, pola que se aproban os concertos educativos, os profesores afectados poderán continuar no mesmo centro, sempre e cando non superen a ratio en educación primaria 1'40 profesor/unidade.

Os incrementos que se produzan nos centros que se acollan ó presente Acordo, serán a conta do incremento dos equipos docentes que se establezan.

#### **Quinta**

Os profesores que se recoloquen en virtude do presente Acordo pasarán a formar parte, a tódolos efectos, dos cadros de persoal do centro.

#### **Sexta**

O procedemento que deberán segui-los titulares dos centros, así como os profesores afectados pola redución de unidades concertadas, para acollerse ás medidas reguladas no presente acordo son as seguintes:

1.- O titular do centro deberá remitir á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa os datos do profesor afectado pola extinción do seu contrato de traballo. No caso de que poida permanecer no propio centro, deberá comunicar dita circunstancia.

De se-lo caso, o empresario virá obrigado a solicitar autorización para a extinción dos contratos de traballo conforme o procedemento de regulación de emprego previsto no E.T. Cando este trámite sexa preceptivo, o empresario deberá remitir á Comisión de Seguimento copia da resolución da autoridade laboral autorizando a extinción de contratos de traballo.

2.- O profesor afectado remitirá á Comisión de Seguimento, no prazo e segundo o modelo que esta determine, solicitude de incorporación ó Censo de Profesores Afectados regulado no Apartado 1 da cláusula SEGUNDA do presente Acordo.

3.- A Comisión de Seguimento comprobará o cumprimento dos requisitos esixidos no Acordo para a inclusión do traballador no Censo de Profesores Afectados.

#### **Sétima**

As extincións de contrato non afectarán á estrutura pedagóxica do centro, debéndose garanti-la implantación completa do vixente plano de estudos, polo tanto, se o profesor ó que se lle tivera que extingui-lo contrato de acordo cos criterios regulados neste punto estivera en posesión dalgunha das especialidades imprescindibles para a organización pedagóxica do centro, deberá pasarse ó seguinte docente en aplicación dos criterios prioritarios que se sinalan:

a) Aquel que o solicite voluntariamente.

- b) O profesor que teña contrato temporal
- c) O profesor con menor antigüidade no centro.

#### **Oitava**

O persoal docente que, como consecuencia da orde do 6 de xullo de 2005 pola que se aproban os concertos educativos cos centros docentes privados, perda o seu posto de traballo e se inclúa na Lista de recolocación percibirá unha indemnización da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ata un importe máximo de 1'5 veces da cantidade pagada por FOGASA.

O traballador afectado deberá aceptar a citada indemnización entendéndose que renuncia a reclamar ningún outro importe por este mesmo concepto.

#### **Novena**

Serán excluídos da Lista de Recolocación:

- a) Aqueles profesores que rexeiten a oferta de traballo nalgún centro concertado incluído no ámbito do presente Acordo.
- b) Os profesores que se acollan voluntariamente á xubilación.
- c) Os profesores que deixen de percibir a prestación por desemprego por seren contratados por tempo indefinido.

#### **Décima**

Constitúese unha Comisión de Seguimento presidida pola Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue, e da que formarán parte funcionarios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e representantes das organizacións asinantes do presente Acordo, co obxecto de velar polo cumprimento do previsto nel, así como para o control e publicidade do procedemento que deberán segui-los titulares dos centros e os traballadores afectados pola redución total ou parcial de unidades concertadas.

Entre outras, a Comisión de Seguimento terá as seguintes funcións:

- a) Organiza-lo seu propio funcionamento.
- b) Interpreta-lo contido deste Acordo.
- c) Elaboración e seguimento do censo de centros e unidades afectadas.
- d) Elaboración e seguimento do Censo de Profesores Afectados.

e) Facilitar información continuada ós titulares dos centros e os profesores afectados.

### **Décimo primeira**

Ó presente acordo poderán adherirse outras organizacións educativas con presenza no sector do ensino privado concertado.

### **Décimo segunda**

As discrepancias na interpretación do presente Acordo decidiranse no seo da Comisión prevista na Cláusula DÉCIMA. En caso de conflito entre as partes, ou que non poida ser resolto pola dita Comisión, dado o carácter administrativo do presente Acordo, coñecerá a xurisdicción do Contencioso-Administrativo da súa interpretación e efectos.

### **Disposición adicional única**

A eficacia deste Acordo queda supeditada á tramitación legalmente necesaria e, en concreto, á autorización polo Consello da Xunta.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2005

POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA,  
A CONSELLEIRA,

Asdo.: Laura Sánchez Piñón		
POLAS ORGANIZACIÓNS PATRONAIS,		
ACES-GALICIA,	CECE,	EyG,
Asdo.:	Asdo.:	Asdo.:
	POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS,	
CC.OO.,	FSIE,	UGT,
Asdo.:	Asdo.:	Asdo.:
USO,		
Asdo.:		